

MAIO
2026



FIXEMOS CRIBLE A PASCUA



O PASADO SÁBADO DÍA 3 DE ABRIL CHEGOU CON CRISTO A NOSA PASCUA

Unha vez máis, un ano máis, quixemos, pola PASCUA facer a “nosa pascua”.

Moitas grazas a todos os veciños e veciñas que fixemos que esta festa fora posible. Unha festa de VIDAS RESUCITADAS con moitos recordos. Unha festa de encontro de dez comunidades, con outras moitas xentes convidadas, para xuntos sermos a UNIDADE PASTORAL DE OS COTOS, para xuntos ser e facer igrexa na paz. Grazas.

ATENCIÓN DE CÁRITAS

Dende cáritas de Os Cotos, se podemos, axudamos a quen nos pida unha man.

Estamos no local da casa reitoral de Fornelos o xoves día 14 e 28 de maio de dez a doce da mañá.





"Un contiño para vivir"

Unha fotos para vivir porque estas fotos non son un conto, son VIDA.



Atopa os animalaiños



**O SANTO PARA
O MES DE MAIO
o día 22 SANTA RITA**


É nome de orixe italiana, e ven sendo unha forma popular de Margarita.

Foi unha cristiá italiana exemplar, nacida en Cascia (Umbría). Foi esposa e nai no castelo de Rocca Porena. Ao quedar viuda tras o asasinato do seu esposo, ingresou no mosteiro agustiniano de Cassia, Santa María Magdalena, da orde de santo Agostiño, ata que faleceu no 1457. É patroa dos concellos de Arnoia, O Barco e Vilagarcía. E invocada para as causas perdidas e as cousas imposibles.

*"No corazón de cada inverno
vive unha primavera palpitante
e detrás de cada noite
ven un amencer sorrinte"*

Khalil Gibran (1883-1931)

CONSELLO



COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



1 de Maio Día Mundial do Amor



Poderíamos falar do Amor en si mesmo, pero imos falar de diferentes tipos de Amor:

- O Amor Romántico

Se non te namoras da vida, a vida non se namorará de ti.

- O Amor duradeiro

O amor é unha conquista constante

- O Amor aos fillos

Os fillos son os nosos mestres na vida

- O Amor aos amigos

Escolles amigos porque escollemos a nosa familia espiritual

- O Amor aos animais

Os animais ensínannos a ser humanos

- O Amor á natureza

A natureza é noso primeiro fogar

- O Amor aos libros

O sabio coñécese por todo o que ama

- O Amor á vida

Un gran corazón sempre ten lugar para todos os demais

- O Amor a un mesmo

Non importa o que sexas, senón o que chegarás a ser

Non solo tes que dar amor, senón que tamén tes que expresalo.

Hai quen fai pero non di e hai quen di pero non fai.

Para amar hai quen facer e dicir.

Os latidos do corazón nunca son silenciosos.



AMOR

O Papa León XIV: "A PAZ"

Paz "desarmada e desarmante": unha paz que "non estea baseada no medo, a ameza e o armamento".

Paz que condena aos "tiranos": porque o mundo está "asolado por un puñado de tiranos".

"¡Basta xa de guerras!": "¡Que os que empuñan as armas as depoñan! ¡Que os que teñen o poder de desatar guerras elixan la paz!".



LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE MAIO

DÍA 3	LECTURA	Feit 6, 1-7	Escolleron a sete para o servizo da caridade
	EVANXEO	Xn 14, 1-12	Di Xesús: Eu son o Camiño, a Verdade e a Vida
DÍA 10	LECTURA	Feit 8, 5-8. 14-17	Con Felipe a cidade encheuse de alegría
	EVANXEO	Xn 14, 15-21	Di Xesús: voume, pero sempre estarei con vós
DÍA 17	LECTURA	Feit 1, 1-11	Xesús volverá como o vistes ir
	EVANXEO	Mt 28, 16-20	Di Xesús: estarei con vós ata a fin do mundo
DÍA 24	LECTURA	Feit 2, 1-11	Os discípulos quedaron cheos do Espírito
	EVANXEO	Xn 20, 19-23	Di Xesús: recibido o Espírito e sede xente de paz
DÍA 31	LECTURA	2 Cor 13, 11-13	Estade alegres e vivide en paz
	EVANXEO	Xn 3, 16-18	Deus mandounos ao Fillo para crer nel